



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 16 de maio de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e trinta e cinco minutos do día dezaseis de maio de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(419).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(420).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA XUNTA DE GALICIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL. TR 351F 2019/38-5. EXPTE. 16482/77.**

Dáse conta do informe-proposta de data 13/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local (atribución de funcións por acordo da XGL 3/05/19), o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 31 de xaneiro de 2019, con corrección de erro adoptado na sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2019, acordou:

1.- Aprobar a memoria do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, “**Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios**”, que se achegou no anexo I do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 31/01/2019, para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risca para o ano 2019, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.

–2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **261.500,94 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.

–3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

–4.- Delegar no concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos sindicatos, D. Santos Hector Rodríguez Díaz a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

#### ANEXO I:

Resumo de proxecto memoria do servizo:

“Mellora de zonas verdes urbáns e beirarrúas nos barrios”

RETRIBUCIONS BENEFICIARIOS/AS VIGO EMPREGA 2018											
Grupo de cotización	Categoría	Posto	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	9 meses 75% Xornada
5	Capataz-Construción	1	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	9.766,62 €
8	Oficial albanel	3	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	29.299,86 €
	Oficial fontaneiro	1	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	9.766,62 €
	Of. xardinaria	2	900	150	1.050	1.050	84/g	34,70	364,35	1.414,35	19.093,68 €
	Of. conducción	2	900	150	1.050	1.050	84/f	37,80	396,90	1.446,90	19.533,24 €
10	Peón Xardinaria	8	900	150	1.050	1.050	84/g	34,70	364,35	1.414,35	76.374,72 €
	Peón construción	10	900	150	1.050	1.050	84/d	37,80	396,90	1.446,90	97.666,20 €
											<b>261.500,94 €</b>

27

#### PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

- 2410 2100000 MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS 16,257,72 €
- 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO 3.902,58 €



## Concello de Vigo

II. Con data 09 de maio de 2019 recíbese a notificación electrónica da concesión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2019/38-5, por resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 07 de maio de 2019 en base á Orde do 12 de decembro de 2018 (DOGA núm. do 9 de xaneiro de 2019), pola que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de **261.500,94 €** para a contratación de **27 persoas** durante **9 meses** cunha **xornada parcial do 75%**.

A devandita resolución supón a concesión da totalidade da subvención solicitada polo Concello de Vigo (expdte. 16167/77)

Polo anteriormente exposto **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

*1.- Aceptar a subvención concedida na resolución do xefe territorial de Pontevedra do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, de data 07 de maio de 2019 en base á Orde do 12 de decembro de 2018 (pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2019 TR351F 2019/38-5), na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de 261.500,94 € para a contratación de 27 persoas durante 9 meses cunha xornada parcial do 75%.*

*2.- Encomendar ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, a xestión da subvención para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social, TR351F 2019/38-5.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(421).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO “FESTIVAL DO MAR DE VIGO – VIGO SEAFEST 2019”. EXPTE. 16376/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/05/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 8/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local (atribución de funcións por acordo da XGL 3/05/19), o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I. No exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación

na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; entre os que se inclúen, no que ao presente convenio importa, os encamiñados á promoción da cultura, o apoio ás iniciativas de promoción turística e á promoción do emprego.

No devandito Protocolo de colaboración se convén que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

II. A "Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, S. COOP. G. (ARVI)", achega memoria presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 18 de marzo de 2019 (COD. SOLICITUDE W331816-4334), para a realización do evento denominado "VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2019".

III. Nos vixentes Orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410.470002 "Feira Vigo Industria Pesqueira (Sea Fest), por importe de 105.000,00 €.

IV. En data 22/03/2019, o Concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, resolveu iniciar expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, dun convenio para o desenvolvemento do "Festival do mar de Vigo – VIGO SEAFEST" do ano 2019.

V.- A tal efecto, consta no expediente "*MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO 'FESTIVAL DO MAR DE VIGO-VIGO SEAFEST' 2019*", asinada pola técnica de administración xeral (por atribución do desempeño temporal das funcións inherentes á xefatura de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 03/05/19), co conforme do Concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, e borrador de convenio, cuxo obxecto é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación, para contribuir á financiación do desenvolvemento do Festival do Mar de Vigo - Vigo Seafest 2019, en execución das accións necesarias para o cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución de actuacións estratéxicas en infraestruturas viarias e dotacionais, asinado o 20.11.2015, relacionados coa promoción da cultura, o apoio ás iniciativas de promoción turística e a promoción do emprego.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I.- Lexislación aplicable:**

- Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Lei de administración local de Galicia, 5/1997, do 22 de xullo (LALG)
- Ley 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)



## Concello de Vigo

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- D 11/2009 de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia (RLSG)
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Bases de execución orzamento Concello De Vigo 2019

### II.- Obxecto do convenio:

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival “VIGO SEAFEST”, na procura do cumprimento dos obxectivos que reflicte a memoria xustificativa encamiñados a acadar os obxectivos estratéxicos considerados no Protocolo de colaboración asinado.

### III. Interese público a satisfacer e expresión das competencias implicadas:

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG. Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

No texto do convenio explíctase o título da competencia municipal no artigo 25.2.h) da LRBRL, nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción da actividade turística de interese e ámbito local. Así mesmo, o artigo 80.2.n) da LALG, en concordancia co artigo 22.2.l) e m) LRBRL indican que os concellos exercerán as súas competencias en materia de actividades e instalacións culturais e deportivas, a ocupación do tempo libre e o turismo.

Pola súa banda, a vixente lexislación en materia de réxime local, encomenda no artigo 31 LRBRL ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no artigo 36 LRBRL como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos.

### III. Convenio:

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) dispoñen que os convenios constitúen o instrumento axeitado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.

O artigo 48 da LRXSP habilita ás Administracións Públicas para celebrar convenios con

persoas tanto de dereito público coma privado.

No que atinxe á Administración local, o artigo 57 LRBRL dispón que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais coma en asuntos de interese común, se desenvolverá con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar en todo caso, mediante os consorcios e convenios administrativos que se asinen.

Deste xeito, o artigo 194 da LALG establece que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas desenvolveráse con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, dispoñendo o artigo 198 da LALG que as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre sí para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, coordinando así as súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, distribuir as subvencións outorgadas por unha delas con referencia ao ámbito territorial ou poboación doutra, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes, compartir as sedes, locais ou edificios que sexan precisos para o desenvolvemento de competencias concorrentes, ceder e aceptar a cesión de uso dos bens patrimoniais, desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para alcanzar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores. E o apartado 3 do citado artigo dispón que as deputacións provinciais poderán subscribir, con todos ou algún dos concellos da provincia, convenios para garantir o acceso da poboación ao conxunto dos servizos municipais e á maior eficacia na prestación destes.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e do artigo 26 da LSG, o convenio será instrumento axeitado para canalizar a concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais.

Os convenios están excluídos do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, nos termos e condicións do disposto no seu artigo 6.

#### **- Contido e tramitación:**

O artigo 49 da LRXSP e o artigo 199 da LALG establecen o contido e especificacións que deberán conter os convenios.

O convenio a asinar estrutúrase nunha parte expositiva e outra dispositiva de once cláusulas. A parte expositiva dá conta das razóns de conveniencia e oportunidade que xustifican a sinatura do documento, e recolle as competencias das entidades asinantes, os antecedentes e os obxectivos que se queren acadar coa súa sinatura.

De xeito sucinto, a parte dispositiva do convenio regula o obxecto do pacto e o seu financiamento (cláusulas segunda e terceira), que se concreta no establecemento das bases para a colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial e o Concello para a organización do evento, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da contratación ata a cantidade máxima de 155.000 € incluído o IVE, achegando 50.000 € a Deputación de Pontevedra e 105.000 € o Concello de Vigo. Recolle tamén os compromisos das partes asinantes (cláusulas cuarta e quinta) entre os que se regula o réxime de xustificación da subvención outorgada pola Deputación, a obriga da publicidade do



## Concello de Vigo

convenio (cláusula sexta) e a compatibilidade con outras axudas e subvencións que poidan recibirse (cláusula sétima). O convenio reflicte tamén, a constitución dunha comisión de seguimento, entrada en vigor e vixencia, causas de extinción e mención ao réxime xurídico (cláusulas oitava a undécima).

O prazo de vixencia axústase ao previsto no art. 49.h) da Lei 40/2015.

Dacordo co exposto, o Concello de Vigo é concedente dunha subvención e actúa, tamén, como entidade colaboradora da subvención da Deputación provincial de Pontevedra, xa que, nos termos do artigo 12.1 da LXS, é a entidade que entrega e distribúe os fondos públicos á beneficiaria. Unha vez asinado o convenio, o concello tramitará o correspondente expediente de concesión da subvención á beneficiaria (a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, con CIF F36608131, titular da marca "VIGO SEAFEST"), obrigándose a xustificar esta achega ante a Deputación de Pontevedra na forma prevista na cláusula cuarta do convenio.

### **-Procedemento e competencia:**

Constan no expediente de aprobación do convenio os documentos necesarios para a súa tramitación: orde de inicio, memoria do convenio e borrador co texto do mesmo, que xunto co presente informe xurídico con proposta de resolución será remitido á Intervención Xeral do Concello para a súa fiscalización con carácter previo á súa aprobación polo órgano competente, de conformidade co disposto no art. 214 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, por canto se refire ao establecemento da colaboración económica entre as entidades asinantes para a execución do proxecto.

Pola súa banda, a sinatura do documento corresponderá á Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do artigo 124.1 da LRBRL, que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, en virtude das competencias delegadas mediante Decreto da Alcaldía do 19/06/2015.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Dacordo co art. 8.1. letra "b" da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberá darse publicidade ao convenio que se subscriba e no que ás subvencións respecta, deberán comunicarse á Base de Datos Nacional de Subvencións unha vez formalizado o correspondente convenio coa entidade beneficiaria.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

## PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.**- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2019", transcrito no Anexo do presente.

**Segundo.**- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do festival do Mar de Vigo "VIGO SEAFEST - FESTIVAL ARVI DO PEIXE 2019".

**Terceiro.**- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo

**Cuarto.**- Remitir o convenio unha vez asinado á Concellería de Xestión Municipal, aos efectos de publicidade.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "FESTIVAL DO MAR DE VIGO-VIGO SEAFEST 2019"

En \_\_\_\_\_, \_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

### REUNIDOS

Dunha parte, Dona María del Carmen Silva Rego, Presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal que da mesma lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Abel Caballero Álvarez, Alcalde-Presidente do Concello de Vigo, na representación legal que do mesmo lle atribúe o artigo 124.4.a) do mesmo texto legal.

E actuando Dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Concello de Vigo, e Don Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.





## Concello de Vigo

Recoñécense mutuamente os comparecentes a capacidade e a representación necesaria para a sinatura do presente convenio de colaboración, e a estes efectos

### EXPOÑEN

I.- Que, no exercicio das súas respectivas competencias, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, con data 20 de novembro de 2015, asinaron un Protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio Protocolo se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen nos que ao presente convenio importan os de promoción da cultura e apoio ás iniciativas de promoción turística.

II.- Que no devandito Protocolo de colaboración establécese que as distintas actuacións previstas desenvolveranse a través de convenios específicos, cuxa execución administrativa, técnica e contractual corresponderá ao Concello de Vigo, que deberá observar os procedementos de avaliación e seguimento da execución dos convenios a establecer nestes.

III.- Que no apartado IV.4 do citado protocolo expónse que en materia de Promoción do emprego o Concello de Vigo, entre outros procedementos, potenciará a inserción laboral e a creación de emprego; do mesmo xeito, que no apartado IV.5 do citado Protocolo expónse que en materia de Turismo o Concello de Vigo desenvolverá actuacións para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos do municipio e o seu entorno con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos. Neste sentido a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, artigo 25.2.h) e a Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, artigos 3 e 5, regulan as competencias propias en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

Pola súa banda a lexislación vixente en materia de réxime local, concretamente no artigo 31 da Lei 7/1985, de 2 de abril, encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. Asemade a Deputación amosa o seu interese na promoción do conxunto dos destinos turísticos da provincia, mediante o fomento da marca Turismo Rías Baixas.

IV.- Que o Porto de Vigo constitúe o principal centro de distribución da pesca europea, así como un porto transatlántico consolidado, que promove o carácter da cidade como destino turístico. Pese a estas oportunidades, Vigo carece dun festival de verán coherente coa identidade pesqueira e marítima da cidade. Á vista desta situación a Cooperativa de Armadores de Pesca do Porto de Vigo, pretende celebrar os 4, 5, 6 e 7 de xullo de 2019 un festival do mar en Vigo coa denominación “VIGO SEAFEST”, co obxecto de dar a coñecer os produtos pesqueiros locais e a cultura gastronómica en torno a eles. Esta cita representa unha oportunidade para potenciar o emprego nas empresas pesqueiras e o turismo en Vigo e nas Rías Baixas, especialmente no eido dos festivais relacionados cos sectores primarios, aspirando incluso nunha cita de carácter internacional.

V.- Que os festivais relacionados co sectores primarios teñen cobrado gran importancia e relevancia a nivel internacional, o que os converte en escaparates ao turismo para as cidades que os promoven, así como da consolidación empresarial no seu ámbito de actuación. En consecuencia a celebración dun evento deste tipo supón unha oportunidade única para a promoción, non só da cidade de Vigo, senón das Rías Baixas e da provincia de Pontevedra. Neste sentido o segmento ao que se dirixe esta oferta, turismo gastronómico e de festivais, en constante crecemento, non resulta accesible para os canles tradicionais de promoción, tanto por

custe como impacto. En consecuencia, a colaboración mediante a tramitación dun convenio co evento semella a ferramenta idónea para maximizar a repercusión que supón este evento na consolidación das empresas e do emprego, así como do turismo nas Rías Baixas e Pontevedra como destino turístico.

VI.- Que, dacordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento do Protocolo de colaboración citado anteriormente, que contempla como un dos seus obxectivos estratéxicos o apoio ás iniciativas de cualificación da promoción turística, acordaron aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os comparecentes, con arranxo aos seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

É obxecto deste convenio establecer e concretar o réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción da produción pesqueira local e a súa importancia laboral, social e económica, así como a promoción turística de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración os días 4, 5, 6 e 7 de xullo de 2019 do festival “VIGO SEAFEST”, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción dos produtos pesqueiros locais e da cultura gastronómica en torno a eles.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica da pesca e dunha produción sostible.
- Fomento do consumo de peixe como alimentación saudable e nutritiva, así como do seu potencial na nova cultura gastronómica.
- Consolidación do emprego mediante a promoción das empresas e marcas pesqueiras locais.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico, con especial atención ó turismo gastronómico.

### **SEGUNDO.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

As actuacións ás que se refire o presente convenio serán financiadas pola Deputación Provincial e o Concello de Vigo, que se obrigan a sufragar o custo das prestacións obxecto da organización do evento ata a cantidade máxima de CENTO CINCUENTA E CINCO MIL euros (155.000,00 €), para o total das actuacións ás que se refire o presente convenio incluído o IVE, sendo gastos admisibles os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade conveniada e se realicen no prazo comprendido entre o **1 de xuño de 2019 e o 15 de agosto de 2019**. No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase proporcionalmente ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte. O financiamento realizarase contra as aplicacións correspondentes dos vixentes orzamentos das administracións asinantes.

### **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas administracións intervintes terá lugar co seguinte desglose:



## Concello de Vigo

ANUALIDADE	Entidade	TOTAL
2019	DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA	50.000,00 €
2019	CONCELLO DE VIGO	105.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>155.000,00 €</b>

2º.- O Concello de Vigo redactará unha proposta de convenio coa Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival “VIGO SEAFEST”. Dita sociedade é a entidade titular da marca “VIGO SEAFEST”, polo que é titular do dereito exclusivo a utilizar dita marca no tráfico económico.

3º.O Concello de Vigo remitirá unha copia do texto do convenio á Deputación Provincial e comunicarase a esta Institución a data e a hora en que terá lugar a súa sinatura, á que asistirá, de consideralo procedente, un representante da Corporación provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

### CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival “**VIGO SEAFEST**”. A Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, é a entidade organizadora do “VIGO SEAFEST”.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
  - o Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131. para o festival “**VIGO SEAFEST**”.
  - o memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo;
  - o facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas polo órgano competente do Concello;

- o conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
  - o memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
  - o certificación de pagamento a favor de Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131 asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
  - o calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
  - Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
  - Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
  - Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

## **QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN**

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CINCUENTA MIL euros, (50.000,00€) o que supón o 32,26 % do custe da actuación, de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

O pagamento das prestacións obxecto do convenio realizarase, contra a aplicación 19/942.9420.462.14 do vixente orzamento provincial.

A Deputación Provincial someterá o texto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega, CIF F36608131 obxecto deste convenio á supervisión e comprobación dos seus servizos técnicos, e se o estima oportuno, poderaos someter á aprobación do órgano de goberno que corresponda, coa finalidade de autorizar as actuacións previstas nos mesmos.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei



## Concello de Vigo

40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.

### **SEXTO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións de promoción turística incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do festival “VIGO SEAFEST”, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS**

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

### **OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.

- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

#### **NOVENO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos desde o 1 de abril de 2019 ata a total execución do evento ao que o mesmo se refire, que terá lugar os días 4, 5, 6 e 7 de xullo de 2019, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2019.

#### **DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

6º.- Polo incumprimento do convenio por parte da Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo – Sociedad Cooperativa Gallega.

#### **UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de



## Concello de Vigo

dereito privado.

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

### **4(424).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO “VIGO INTEGRA VI”. EXPTE. 16451/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 10/05/19, o informe de fiscalización do 16/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/19, asinado pola xefa do Servizo de Desenvolvemento local (atribución de funcións por acordo da XGL 3/05/19), o concelleiro delegado de Emprego e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### NORMATIVA DE APLICACIÓN

–Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

–Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

–Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

–Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

#### ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 12 de abril de 2019, o Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, resolveu iniciar o expediente de contratación DE SERVIZO DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO VIGO INTEGRA VI.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola técnica de administración xeral e polo Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos en data 12/04/2019.
2. Orde de inicio de 12 de abril de 2019 do Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 15 de abril de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
4. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, do 15 de abril de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e o concelleiro delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.
5. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación, de data 16 de abril de 2019.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares de data 23 de abril de 2019, asinado pola técnica de administración xeral e pola xefa do servizo de Contratación.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Decreto Delegación de Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015, nos concelleiros de Area. O Concelleiro Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, en resolución de 11 de xaneiro de 2019, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo Xefe do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa de servizo de Contratación.

**Terceiro.-** O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado. Xustifícase a elección deste procedemento porque tal e como dispón o artigo 159 da LCSP procede empregar o procedemento aberto simplificado.

**Cuarto.-** No artigo 116.3 do LCSP establécese que ó expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que incorporará o servizo de Intervención Xeral quen ademais fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

**Quinto.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:





## Concello de Vigo

1º Aprobar o expediente de contratación (16451/77) por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada de “SERVIZOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO VIGO INTEGRA VI”.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de 15 de abril de 2019 e o prego de cláusulas administrativas particulares de 23 de abril de 2019 que rexirán a contratación de “SERVIZOS DE FORMACIÓN ESPECÍFICA DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO VIGO INTEGRA VI”.

3º.- Aprobar o gasto de **24.191 €**, para a contratación de servizos de formación específica do programa integrado de emprego, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2279917 FORMACIÓN VIGO INTEGRA VI, dos orzamentos do Concello de Vigo do 2019.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(425).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A OCUPACIÓN, INSTALACIÓN E EXPLOTACIÓN DE SERVIZOS DE TEMPADA NAS PRAIAS: QUIOSCOS DO CONCELLO DE VIGO 2019. EXPTE.13848/306.**

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 16/05/19, que di o seguinte:

#### 9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a adxudicación da autorización municipal para a ocupación, instalación e explotación de servizos de tempada nas praias: quioscos do Concello de Vigo 2019 (13.848-306) na seguinte orde descendente:

<b>LOTE 1 quiosco do areal da Punta (A Guía) sinalado co nº 1</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100	1ª

<b>LOTE 2 quiosco do areal de Santa Baia (Alcabre) sinalado co nº 2</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Administración de Playas, S.L.	100	1ª

<b>LOTE 3 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 3</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
María Francisco Touriño	100	1ª

<b>LOTE 4 quiosco do areal do Tombo do Gato sinalado co nº 4</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Obdulia Lastra Francisco	100	1ª
Administración de Playas, S.L.	42,41	2ª

<b>LOTE 5 quiosco do areal de Argazada sinalado co nº 5</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Administración de Playas, S.L.	100	1ª
Obdulia Lastra Francisco	91,74	2ª

<b>LOTE 6 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 6</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Ricardo Santiago Daponte	100	1ª

<b>LOTE 7 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 7</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100	1ª
Ricardo Salgado Daponte	93,41	2ª



## Concello de Vigo

<b>LOTE 8 quiosco do areal de Samil sinalado co nº 8</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Estela Rial Abalde	100	1 <sup>a</sup>
María Francisco Touriño	44,96	2 <sup>a</sup>

<b>LOTE 9 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 9</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Administración de Playas, S.L.	100	1 <sup>a</sup>
Manuel Lago Chapela	91,68	2 <sup>a</sup>

<b>LOTE 10 quiosco situado no areal do Vao sinalado co nº 10</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Ricardo Santiago Daponte	100	1 <sup>a</sup>
Manuel Lago Chapela	77,62	2 <sup>a</sup>

<b>LOTE 11 quiosco do areal da Etea sinalado co nº 11</b>		
<b>LICITANTE</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>CLASIFICACIÓN</b>
Manuel Lago Chapela	100	1 <sup>a</sup>
Administración de Playas, S.L.	84,93	2 <sup>a</sup>

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar no cadro anterior, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas quinta e décima do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula undécima do prego de cláusulas administrativas particulares”.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

**6(426).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA DOAZÓN, POLA MERCANTIL VIGUESA DE TRANSPORTES S.L, DO TRANVÍA SERIE 700 DO ANO 1935. EXPTE. 20296/240.**

Visto o informe de fiscalización do 15/05/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Primeiro.- Don Juan Carlos VillarinoTejada, director xeral da mercantil Viguesa de Transportes S.L, concesionaria do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral no ámbito do termo municipal de Vigo, segundo Acordo do Concello-Pleno de Vigo de data 16 de setembro de 1994, e cuxo obxecto social é a prestación i explotación de servizos públicos e privados de transportes de viaxeiros de calquer natureza, modo ou clase, regular, discrecional e especiais, urbanos e interurbanos, manifesta a súa vontade de doar ó Concello de Vigo de xeito permanente e gratuito un antigo tranvía serie 700, da súa propiedade, ao fin de que sexa incorporado ó patrimonio cultural e artístico de cidade e co obxecto de que se destine a fins de interese público municipal.



Segundo.- Polo enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello, infórmase o 13 de maio de 2018, en relación a doazón proposta que:

“Realizada a inspección do antigo tranvía SERIE 700 que na actualidade se atopa nas instalacións de Viguesa de Transportes S.L. (en diante, Vitrasa) e que esta entidade ten intención de ceder gratuitamente ao Concello, infórmase o seguinte:



## Concello de Vigo

- Trátase dun antigo tranvía que foi construído no ano 1935 para a cidade de Lisboa e renovado na década dos anos noventa para introducir melloras na parte mecánica e nos equipos eléctricos.
- Foi restaurado recentemente por Vitrasa para un uso exclusivamente ornamental.
- Presenta as seguintes características: lonxitude 8 m; anchura 2,40m; altura 3.50 m; capacidade 24 prazas sentadas e 30 de pé; Ancho de vía 900 mm e non leva equipos eléctricos.
- Tendo en conta os elementos que compoñen o vehículo e o seu adecuado grado de conservación, a súa antigüidade e a exhaustiva restauración levada a cabo recentemente con materiais orixinais, estimase o valor actual de mercado deste antigo Tranvía no entorno dos 35.000 euros.
- Atendendo a que o mesmo se destinará a un uso exclusivamente ornamental, o seu mantemento se podería realizar cós medios propios do Concello.
- En resumo, é un antigo vehículo que se atopa en condicións axeitadas para a súa exhibición na cidade.
- Actualmente existe espazo adecuado no entorno da rúa Castela para a súa colocación, que presenta unha visión ampla desde o entorno e asemade presenta unha superficie adecuada para a súa exposición no espazo peonil da rúa. Este emplazamento garantiza unha gran visibilidade, xa que é un ámbito da cidade cunha alta intensidade peonil e rodada e asemade permitiría a posta en valor do entorno e da historia da cidade xa que se atopa no entorno do lugar onde no século pasado se ubicaban as cocheiras dos tranvías como o citado, que circulaban pola cidade..”

Terceiro.- En data 14.05.19 o concelleiro delegado de Patrimonio acordou iniciar o expediente para a elaboración e aprobación dun acordo entre Vitrasa e o Concello de Vigo para a cesión dun antigo tranvía- no ámbito da celebración do 50 aniversario desta entidade.

**Cuarto.-** Polo Xefe Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Concellería de Fomento, en data 15 de maio de 2019, elaborouse memoria do contrato de doazón, na que se xustifique a necesidade e oportunidade do acordo, á que se incorpora un borrador de contrato.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### 1.- Normativa aplicable

- Lei 9/29017, de contratos do sector público
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- RDL 781/1996, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

#### II.- Modo de adquisición

As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, poseer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

A doazón recóllese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitúe un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

Como modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

Como queira que o modo de adquisición do tranvía a título gratuito non está suxeito a restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL), non nos atopamos ante un suposto de doazón modal, polo que conseguintemente non existe restricción algunha a súa aceptación, podéndose acordar polo órgano competente se así o estima de interese público.

### **III.- Réxime xurídico da doazón**

O artigo 9.2 Lei de contratos do sector público, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación da Lei de Contratos, sinalando que terán carácter de contratos privados, rexíndose pola lexislación patrimonial.

A doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requeriéndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

Significar que noutros expedientes de doazón, constan informes económicos nos que se valora que as doazóns ás administracións públicas, como queira que non son transaccións económicas, non está suxeita a impostos. En todo caso, o artigo primeiro da Lei 29/1987, de 18 de decembro, do Imposto sobre Sucesións e Donacións, determina que o imposto de sucesións e doazóns grava os incrementos patrimoniais obtidos a título lucrativo por *persoas físicas*.

O artigo 17 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, establece a obriga de inscribir no Inventario de Bens do Concello os bens e dereitos dos que sexa titular a entidade local agrupados segundo os epígrafes que neste artigo se establecen. En consecuencia, unha vez aceptada a cesión do ben se deberá a proceder a súa inscrición no Inventario Municipal.

**IV.- Conclusión.-** Conseguintemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación a título gratuito, libre de cargas e gravames e ó corrente no pago de impostos e demais tributos, do elemento de transporte ofertado, resultando competente para a adopción do presente acordo, a Xunta de Goberno Local, consonte o previsto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP.

Polo exposto, fórmase á Xunta de Goberno Local a adopción da seguinte

### **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**Primeiro.-** Aceptar a doazón, pola mercantil Vigués de Transportes S.L., do TRANVÍA SERIE 700 da súa propiedade do ano 1935, renovado na década dos anos noventa das seguintes características, nos termos que se recollen no Anexo da presente.



## Concello de Vigo

**Segundo.-** Proceder, tralos trámites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo polo Concelleiro delegado da Área de Patrimonio municipal

**Terceiro.-** Dar de alta, unha vez perfeccionada a doazón, dito ben no Inventario Municipal de bens e dereitos, de acordo coa seguinte decripción e valoración

- lonxitude 8 m;
- anchura 2,40m;
- altura 3.50 m;
- capacidade 24 prazas sentadas e 30 de pé;
- Ancho de vía 900 mm e non leva equipos eléctricos.
- valor actual ,35.000 euros.
- Estado de conservación: bó

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE VIGUESA DE TRANSPORTES S.A. (VITRASA) E O CONCELLO DE VIGO PARA A CESIÓN DUN ANTIGO TRANVÍA NO ÁMBITO DA CELEBRACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DESTA ENTIDADE

En Vigo, a \_\_\_\_\_ de 2019

### **REUNIDOS**

Don Francisco Javier Pardo Espiñeira , concelleiro delegado da Área de Patrimonio, intervén asistido da Secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Campos Acuña que da fe do acto que se celebra.

Doutra parte, \_\_\_\_\_ en representación da entidade mercantil VIGUESA DE TRANSPORTES S.L. (en adiante, VITRASA) con CIF N.º \_\_\_\_\_, domiciliada na estrada \_\_\_\_\_. Ostenta a citada representación en virtude de poder outorgado ante o notario \_\_\_\_\_

As partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente contrato e

### **EXPOÑEN**

**I.-** Que Vitrasa é a concesionaria do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobus de uso xeral no ámbito do termo municipal de Vigo de conformidade co Acordo plenario de data 16 de setembro de 1994.

**II.-** Vitrasa é titular dun antigo tranvía, SERIE 700 que foi construído no ano 1935 e renovado na década dos anos noventa para introducir melloras na parte mecánica e nos equipos eléctricos. Reune as seguintes características:

- Lonxitude 8 m.
- Anchura 2,40m
- Altura 3.50 m.
- Capacidade: 24 prazas sentadas e 30 de pé
- Ancho de vía 900 mm.
- Non leva equipos eléctricos.
- Valoración

**III.-** Coa finalidade de conmemorar o 50 aniversario de Vitrasa, esta entidade ten previsto realizar determinadas actuacións entre as que se atopa a cesión gratuíta ao Concello de Vigo dun antigo tranvía co obxecto de que o Concello o destine a fins de interese público municipal

**IV.-** Que o Concello de Vigo para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (art. 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local (en adiante LBRL) e art. 80.1 da Lei 5/1997, del 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (en adiante, LALGA).

Tras a aceptación da cesión deste ben, o Concello destinará o mesmo a fins públicos que redunden en beneficio dos cidadáns de Vigo

**V.** O artigo 15 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, establece que as Administracións poden adquirir bens por doación. Estes bens se entenden adquiridos co carácter de patrimoniais, sen prexuízo da súa posterior afección ao uso xeral ou o servizo público.

A regulación da adquisición gratuita de bens por parte das administracións locais se atopa nos artigos 12 e 13 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por RD 1378/1986, de 16 de xuño e no artigo 273 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia. A doazón non está suxeita a condición ou modo, polo que non está suxeita a restricción algunha.

**VI.** Por todo o exposto, as partes acordan subscribir o presente contrato co obxecto de posibilitar que o Concello de Vigo adquira a titularidade do antigo tranvía descrito no Expositivo II, co fin de destinalo á exposición ao público no termo municipal de Vigo.

Por todo isto e postas previamente de acordo, as partes subscriben o presente Convenio de colaboración, con arranxo ás seguintes





## Concello de Vigo

### **CLÁUSULAS**

#### **Primeira.- OBXECTO DO CONVENIO**

O obxecto do presente convenio é a cesión gratuita pola entidade Vitrasa ao Concello de Vigo, que acepta, da propiedade do tranvía, coa descrición e características que figuran no Expositivo II deste Convenio.

#### **Segunda.- CARÁCTER GRATUÍTO.**

A cesión da propiedade ten carácter gratuito, e polo tanto, o Concello non terá que abonar á cedente prezo algún.

#### **Terceira.- OBRIGAS DAS PARTES**

##### a) Obrigas de Vitrasa

1. Cesión da titularidade do antigo tranvía descrito no Expositivo II.
2. Colocación do tranvía na ubicación que sinale o Concello.

##### b) Obrigas do Concello de Vigo

- Levar a cabo as actuacións necesarias para destinar o ben moble a fin de interese público municipal.
- Realizar as tarefas necesarias para o mantemento do antigo tranvía.

#### **Cuarta.- CARÁCTER PERSOALÍSIMO.**

O presente contrato subscríbese en atención a identidade das partes que o subscriben, polo que as partes acordan que a posición xurídica de cada unha delas é intransmisible, non sendo posible a cesión do tranvía descrito no Expositivo II a favor de terceiras persoas sen previa autorización por escrito das partes.

#### **Quinta.- RESOLUCIÓN.**

Son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Incumprimento total ou parcial das obrigas contidas no presente contrato por alguna das partes.
- Imposibilidade sobrevenida de levar a cabo estas actuacións.
- Mutuo acordo das partes.

#### **Sexta.- COMISIÓN DE COORDINACIÓN.**

Para o seguimento e control do cumprimento do convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constituirase unha Comisión de Coordinación da que formen parte un representante de cada unha das partes asinantes do mesmo.

Esta comisión reunirse no prazo de dez días a contar da petición expresa realizada por calquera das partes.

#### **Sétima.- VIXENCIA**

Este contrato entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura polas partes que o subscriben e a súa vixencia extenderase ata que se produza a instalación do tranvía na ubicación que sinala o Concello

#### **Oitava.- XURISDICIÓN E SUMISIÓN.**

O presente contrato ten natureza civil, acordando as partes someterse para calquera cuestión relativa a súa interpretación, contido, execución, ou calquera outra que poida xurdir, ós Xulgados e Tribunais de Vigo cidade.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan este contrato por duplicado e a un só efecto no Lugar e data reseñada no seu encabezamento.

#### **7(427).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DA CAPA DE RODAXE DO TÚNEL BEIRAMAR (BERBÉS-AREAL). EXPTE. 257/441.**

Visto o informe de fiscalización de data 14/05/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 14/05/19, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441)

#### **ANTECEDENTES**



## Concello de Vigo

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitadores</b>	<b>Valor da baixa</b>
1	MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA	119.964,61 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	112.797,72 €
3	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	103.730,03 €
4	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	98.647,73 €
5	HORDESCON, S.L.	98.428,35 €
6	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	97.623,86 €
7	OBRAS CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	89.360,66 €
8	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	80.548,91 €
9	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	78.647,62 €
10	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	76.088,18 €
11	MISTURAS OBRAS E PROYECTOS, S.A.	65.485,05 €
12	ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	52.689,63 €
13	CIVIS GLOBAL, S.L.	48.556,04 €
14	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	34.186,67 €

*Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*

*Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, o día 26 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 9 de maio de 2019, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 14 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa economicamente para a administración contratante é a formulada por MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 24 de abril de 2019.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA o procedemento aberto para a contratación das obras de “Renovación da capa de rodaxe do túnel Beiramar (Berbés-Areal) (257-441) por un prezo total de 245.668,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 42.636,63 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## Concello de Vigo

### **8(428).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO E MEMORIA VALORADA DA REALIZACIÓN DE OBRAS DE GUNITADO DE TALUDE NO CÑO. BAIXADA Á IGREXA Nº 10 EN SAN SALVADOR DE TEIS. EXPTE. 358/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 14/05/19, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o enxeñeiro civil e o enxeñeiro xefe de Urbanización e Infraestruturas, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES E FEITOS**

I.1.- Compre traer a colación como antecedente do presente, o expediente tramitado nesta administración baixo o número 97143/421, de Comunicación previa de obras menores (CP-004), iniciado a instancia de Carmen Iglesias Pereira con data do 27.07.2018, coa finalidade de levar a cabo a consolidación de muro na finca sito na Baixada a Igrexa nº 10, de Vigo; Non consta na data actual, a realización de ningún tipo de actuacións relacionadas coas obras obxecto da dita comunicación, e así o indica o inspector municipal en informe suscrito con data do 18.01.2019, no que reflicte que, realiza visita de inspección na mesma data a (BX) IGREXA Nº 10, coa referencia catastral 6286132NG2768N, se comproba que no momento da inspección ás obras solicitadas non foron realizadas, xuntando reportaxe fotográfico que así o xustifican.

I.2.- En atención ao mal estado de conservación do citado muro, e ante o risco inminente de perigo as persoas, consta a tramitación nesta administración do expediente núm. 3023/435 de Orde de execución de obras na baixada IGREXA, Nº 10, con referencia catastral 6286132 NG2768N, como consecuencia das deficientes condicións de seguridade e ornato público nas que se atopa o peche da dita finca, reflectidas en informe técnico municipal do 02.04.2018, que se incorpora e forma parte do presente expediente, sen que a data actual se teñan realizado as obras que no dito informe se indican, o que motiva a intervención sen dilación desta administración tal e como indica na "Memoria valorada Gunitado talude en Camiño Baixada á Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis" redactada polos técnicos municipais do servizo de urbanización e infraestruturas, - para o que se estima necesario á cesión anticipada de 50 m<sup>2</sup> de superficie de terreo coa avinza da propiedade-- coa finalidade de proceder a reconstrución do dito muro ante o seu derrubamento parcial e co fin asemade de ampliar o tramo do Camiño Baixa a Igrexa nº 10, ata un ancho de 2,60 metros durante un tramo de 25 metros lineais.

Xa que logo, a finalidade última que se pretende coa aprobación do presente, e a necesidade de reconstrución do muro perante a realidade do seu derrube parcial, co perigo inminente ás persoas, tal e como se indica nos nomeados informes técnicos, e paralelamente ante dita situación procurar unha mellora da sección transversal do camiño co obxecto de facilitar a circulación rodada ata a franxa costeira; Finalidades e obxectivos que se pormenorizan polo miúdo no "Proxecto/Memoria valorada Gunitado talude en Camiño Baixada á Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis " datado en novembro de 2018, así como no informe suscrito polo enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do servizo de urbanización e infraestruturas con data do 08.05.2019 .

I.3.- Consta asemade relacionado co presente, a tramitación nesta administración do expediente núm. 16669/411 de solicitude de acta de liña e rasante, instada pola propiedade para a parcela que nos ocupa, no que se conclúe que, "*a parcela atópase ubicada na figura do planeamento SU UA 1 IGREXA, que non conta con desenvolvemento urbanístico neste intre, polo que non se pode fixar aliñación definitiva.*

I.4.- Así as cousas, e á vista da realidade existente, o servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU redactou o proxecto nomeado "*Memoria valorada de obras Gunitado talude no Camiño Baixada*

a igrexa nº 10 (Teis) , documento datado en novembro de 2018, e asinado dixitalmente con data do 30.11.2018.

I.5.- Mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU do 30.11.2018 (núm. saída 55929-2018) remitíase unha copia do nomeado proxecto/ memoria valorada á xefatura territorial en Pontevedra da Consellería de Cultura e Turismo, aos efectos do outorgamento da correspondente autorización autonómica no ámbito das súas competencias, por mor de acometerse a actuación no límite do ámbito de protección do Castro de Sino (GA36057003) ben catalogado, incluído no planeamento municipal e no plan básico autonómico. Solicitude que foi reiterada mediante oficio desta XMU do 21.03.2019 (núm. de saída 3645-2019).

Así as cousas, con data do 11.04.2019 tiña entrada nesta XMU unha copia da Resolución ditada con data do 02.04.2019 pola Xefa territorial de Cultura e Turismo, pola que se outorga autorización, no ámbito das súas competencias, para acometer as obras de gunitado de talude en camiño baixada a Igrexa nº 10, en San Salvador de Teis, no Concello de Vigo.

I.6.- Con data do 08.05.2019 o enxeñeiro técnico de obras públicas, xefe do servizo de urbanización e infraestruturas informe favorable ás actuacións que se proxectan no presente expediente, co seguinte teor literal,

*“(…)Durante la tramitación del Exp – 97143/421 a nombre de la solicitante, con la intención de la reconstrucción del muro de contención que delimita su propiedad del camino Baixada a Igrexa en la parroquia de Teis a propósito del derrumbe parcial del mismo, se puso de manifiesto que el mismo se sitúa dentro del área de respeto del Yacimiento Arqueológico denominado Castro do Sino ( ficha X\_003; código GA36057003 ).*

*Al tiempo que se desarrollaba este expediente, surgen demandas vecinales respecto a la ampliación del mencionado camino, motivo por el cual se plantean las diferentes posibilidades de intervención.*

*La solución adoptada con objeto de minimizar el movimiento de tierras, es el gunitado del talud una vez este se estabilice con una pendiente 2:3.*

*A tenor de la posición del terreno, se solicitó la correspondiente autorización de la Conselleria de Cultura y Turismo según el artículo 39 de la Ley 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, de la cual se dispone ( Nº Doc. 190047743 ).*

*Puestos en contacto con la Propiedad de los terrenos, la misma ha mostrado su disposición para la cesión anticipada de la superficie necesaria para esta actuación, superficie que salvo medición “ in situ “ asciende a CINCUENTA M2 ( 50,- m2 ), que serán objeto de la cesión citada.”(..).*

## **II.- NORMATIVA EXAMINADA**

- Plan Xeral de Ordenación urbana de Vigo de Subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á Lei 11/1985 de adaptación do solo de Galicia, aprobado definitivamente pola COTOP o 29 de abril de 1993 DOG do 10.05.1993 e BOP núm. 133, do 14.07.1993,
- O Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana ,
- A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,



## Concello de Vigo

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia,
- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público,
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas,
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- Real decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local,
- A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa,
- Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (*BOP* núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- O resto de disposicións que poidan afectar,

### III.- DEREITO/ FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

#### III.1.- Natureza xurídica

A natureza do presente proxecto técnico/Memoria Valorada é a dos denominados proxectos de obra ordinaria de carácter parcial, os cales, consonte ao pautado no artigo 226.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (en diante RLSG), se tramitarán e aprobarán segundo o procedemento establecido para os proxectos de obras suxeitos a título habilitante.

Estes proxectos de obra ordinaria, aos que tamén se refiren os artigos 30, 36, 227 e 231 do RLSG, abranguen aqueles proxectos que non prevexan desenvolver integramente o conxunto de determinacións dun plan de ordenación, tal e como acontece no presente suposto, xa que, segundo o reflectido no Proxecto/ Memoria valorada á que neste intre se presta aprobación e tal e como se indica no informe emitido polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas desta XMU con data do 08.05.2019, proxecta obras de reconstrución do muro perante a realidade do seu derrube parcial, e ensanche no Camiño Baixada a Igrexa en San Salvador de Teis ata un ancho de 2,60 m durante un tramo de 25 metros lineais, coa consecución das finalidades que no proxecto se reflicten, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

Esta categoría de proxectos urbanizatorios de carácter parcial ou menor, denominados de obra ordinaria, regúlanse asemade na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, séndolle de aplicación as disposicións nel contidas.

#### III.2.- Ámbito, Obxecto e Alcance

As obras que neste intre se autorizan, son as que se definen na documentación técnica, elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, con data novembro de 2018, emprazándose no ámbito da baixada IGREXA, Nº 10, en San Salvador de Teis, proxectando obras de reconstrución do muro existente de contención de cachotería de pedra que xa presenta un derrubo parcial, e subsecuentemente a mellora e ampliación da sección transversal dun camiño estreito, ata acadar un ancho de 2,60 m durante un tramo de 25 metros lineais. O talude resultante será estabilizado mediante gunitado de superficie coa colocación dun peche cun enreixado de triplo torsión galvanizado e a construción dunha cuneta revestida de formigón.

A zona na que se implantarán as actuacións proxectadas, de conformidade co PXOU vixente, aprobado definitivamente o 29.03.1993 (DOG 10.05.1993), se sitúan dentro do núcleo 17 03 IGREXA C, Núcleo rural existente tradicional pendente de desenvolvemento do PERI 2 IGREXA.

### III.3- Exame da documentación técnica

A documentación técnica a que neste intre se presta aprobación polo órgano municipal competente consiste na documentación elaborada polo servizo de urbanización e infraestruturas, datada en novembro de 2018, e nomeada “Proxecto/Memoria Valorada Gunitado Talude, no camiño Igrexa núm. 10 (Teis )” asinada dixitalmente con data do 30.11.2018, conformado pola documentación que a continuación se relaciona,

- CARPETA MEMORIA: Antecedentes; Situación actual; Objecto de la actuación; Planeamiento; Alcance económico;
- CARPETA REPORTAJE FOTOGRÁFICA
- CARPETA PLANOS: Planos situación urbanística; planos situación, plante e perfiles;
- CARPETA MEDICIONES Y PRESUPUESTOS

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente actuación, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, remitirase o expediente ao servizos centrais desta XMU para a súa remisión ao interventor xeral, aos efectos da emisión do preceptivo informe de fiscalización.

### III.4- Órgano Competente

A competencia para a resolución do presente expediente atribúese á Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no artigo 127.1 c) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, por proposta do Consello da Xerencia, de conformidade co disposto no artigo 10.1 dos seus Estatutos.

Xa que logo, atendendo ao informe emitido polo enxeñeiro xefe de urbanización e infraestruturas da XMU en data do 08.05.2019 que se incorporan ao texto do presente e lle serven de fundamento nos termos do artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,

#### «ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación ao “Proxecto/ Memoria valorada da realización de obras de gunitado talude no camiño Baixada a Igrexa núm. 10 en Teis”, documento redactado polo servizo de urbanización e infraestruturas desta XMU, de data novembro de 2018, e asinado dixitalmente con data do 30.11.2018, do que se xuntan dúas copias en formato papel e dixital.

Segundo.- O presente acto administrativo queda suxeito ás seguintes condicións:

- 1.- De conformidade coas características das obras a realizar, fíxase un prazo de execución de 2 meses.
- 2.- Antes do inicio das obras, o contratista colocará un valado de protección, para o que deberá obter, no seu caso, a oportuna autorización municipal.
- 3.- O inicio das obras queda supeditado á entrega da copia do Padrón do IAE do contratista que as execute, para a súa unión ao expediente.
- 4.- Establécese un prazo de garantía de un ano para todas as obras a realizar, a contar dende a data de recepción pola administración, segundo o disposto nos artigos 235 e seguintes do Regulamento xeral do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- 5.- Deberán cumprirse na súa realización as determinacións establecidas no Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de





## Concello de Vigo

Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, así como as determinacións establecidas no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción xestións dos residuos de construción e demolición.

Terceiro.- As obras autorizadas executaranse baixo a correspondente dirección técnica e nas debidas condicións de seguridade, debendo realizar as funcións de comprobación, vixilancia e inspección continuada das referidas obras e demais obrigas que se reflicten na vixente lexislación de contratos das administracións públicas.

Cuarto.- Que se sigan os trámites oportunos para a obtención da cesión anticipada por parte da propiedade da superficie dos terreos necesarios para poder acometer a actuación, tal e como se indicou no relato de feitos supra transcritos.

Quinto.- Facultar á concelleira delegada de urbanismo e vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo para a sinatura do documento no que se materialice a cesión dos terreos; da cuxa subscripción se dará conta individualizada ao Consello da Xerencia municipal de urbanismo e á Xunta de goberno local.

Sexto.- Remitir copia do presente acordo a departamento de Servizos Centrais, ao Servizo de conservación, e ao servizo de licenzas desta XMU, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante, e o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de urbanismo, en sesión de data 16/05/19, acordou elevar á Xunta de Goberno Local o presente expediente para a súa resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(429).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. (LOTES 6, 7, 9 E 10) EXPTE. 8752/336.**

Visto o informe de fiscalización do 16/05/19, dáse conta do informe-proposta da Mersa de Contratación, da mesma data, que di o seguinte:

10.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (lotes 6, 7, 9 e 10)

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 17 de abril de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por exceder as súas ofertas do orzamento base de licitación:*

1. *SERVIPLUSTOTAL, S.L. (lote 7)*
2. *AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lote 9)*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10 deste procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) na seguinte orde descendente:*

*Lote 4 VERÁN NA PRAIA I:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS)	88,22
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL	49,43

*Lote 5 VERÁN NA PRAIA II:*

<b>Orde</b>	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS)	88,05
2	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	87,00
3	BARAFUNDA, S.L.	39,36



## Concello de Vigo

### Lote 6 VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA	89,00
2	BARAFUNDA, S.L.	30,12

### Lote 7 VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	69,25

### Lote 8 VERÁN CON TEMÁTICAS PRE-MULTIDEPORTIVAS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	74,75

### Lote 9 VERÁN EN INGLÉS:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	MR. PICKWICK SCHOOL, S.L.	81,75

### Lote 10 CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	90,00

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURALS) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, o día 29 de abril de 2019, que presentan a documentación requirida nas seguintes datas, dentro do prazo concedido:

- DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) (9 e 10 de maio de 2019)
- UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (8 e 13 de maio de 2019)
- BARAFUNDA, S.L. (7, 9 e 13 de maio de 2019)
- MR. PICWICK SCHOOL, S.L. (8 e 13 de maio de 2019)
- XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (7 de maio de 2019)

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 16 de maio de 2019 revisou a documentación presentada, sendo toda correcta agás a solvencia económica acreditada por MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para o lote 8 que resulta insuficiente, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación dos lotes 6, 7, 9 e 10 e conceder un prazo a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. para que poida emendar a solvencia económica para o lote 8.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAI) nos lotes 4 e 5, UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. nos lotes 8 e 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

As ofertas coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante son as formuladas pola UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA no lote 6, BARAFUNDA, S.L. no lote 7, MR. PICWICK SCHOOL, S.L. no lote 9, e XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. no lote 10, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 15 e 23 de abril de 2019, respectivamente.



## Concello de Vigo

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA o lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote é de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*
- b) *Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. o lote 7 “Verán con temáticas artísticas” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote é de 17.590 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.599,09 euros.*
- b) *Propón a realización de 3 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) *Propón 4 persoas con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*Adxudicar a MR. PICWICK SCHOOL, S.L. o lote 9 “Verán en inglés” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total do lote é de 11.588,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.053,47 euros.*
- b) *Propón a realización de 2 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

*Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do lote é de 36.997,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.363,37 euros.
- b) Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(430).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO PROGRAMA VERÁN XOVE 2019. EXPTE. 8844/336.**

Visto o informe xurídico de data 15/05/19 e o informe de fiscalización do 16/05/19, dáse conta do informe-proposta de data 15/05/19 asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Facenda, que di o seguinte:

#### **PROGRAMA VERÁN XOVE 2019**

I. O Concello de Vigo, a través do seu Programa Verán Xove 2019, pon en marcha distintos campamentos e actividades estivais, co obxecto de ofertar un tempo de lecer educativo dentro da propia cidade.

Ademais, preténdese favorecer o emprego e a participación xuvenil, así como facilitar a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das mulleres e dos homes da cidade de Vigo.

Tres grandes bloques de actividades compoñen a programación Verán Xove 2019:

I.- Campamentos urbanos (entre 4 e 17 anos)

II.- Campamento Illas Cíes (entre 8 e 12 anos)

III.- Campamento Vigozoo (entre 8 e 12 anos)

IV.- Espazos de Tempo Libre (entre 4 e 12 anos)

II. Por todo elo, e segundo o programa anteriormente exposto está previsto que a Concellería de Xuventude oferte un total de 2.731 prazas., para os meses de xuño, xullo, agosto (expedientes contratación nº: 8752-336, 8814-336, 8789-336, 8788-336 e 8823-336) distribuídos segundo a seguinte táboa:tos distribuídos segundo a seguinte táboa:



## Concello de Vigo

**TÁBOA I: CAMPAMENTOS PROGRAMA VERÁN XOVE CONCELLERÍA XUVENTUDE 2019**

ACTIVIDADE	DATAS	ANO NACEMENTO	Nº PRAZAS	PREZO
ACAMPADA EN VIGOZOO	24/06-28/06 01/07-05/07 08/07-12/07	2007-2011	156	110,00 €
ACAMPADA NAS ILLAS CÍES	01/07-05/07 08/07-12/07 15/07-19/07 29/07-02/08	2007-2011	120	110,00 €
VERÁN EN SAMIL	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08 19/08-30/08	2007-2015	200	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
VERÁN EN ALCABRE	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08 19/08-30/08	2007-2015	200	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
VERÁN EN INGLÉS	01/08-14/08 19/08-30/08	2007-2011	100	45,00 €
VERÁN EN NAVIA	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08	2007-2015	195	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
VERÁN EN VIGOSÓNICO	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08	2007-2015	195	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
VERÁN NO BERBÉS	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08	2007-2015	195	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE:	01/07-15/07 16/07-31 /07 ( agás o 25)	2007-2015	100	Gratuíto
VERÁN en COIA	01/07-15/07 16/07-31 /07 ( agás o 25)	2007-2015	100	Gratuíto
VERÁN MARIÑEIRO	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08 19/08-30/08	2007-2013	200	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)

ACTIVIDADE	DATAS	ANO NACEMENTO	Nº PRAZAS	PREZO
<b>VERÁN NÁUTICO na ETEA</b>	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08 19/08-30/08	2002-2011	320	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
<b>VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS</b>	01/07-12/07 15/07-24/07 29/07-09/08 19/08-30/08	2002-2011	200	45 € (10 días) 38 € ( 8 días)
<b>CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS</b>	01/08-12/08	2005-2011	450	Gratuito
<b>Total prazas campamentos Xuventude</b>			<b>2731</b>	

III. Os prezos establecidos para cada unha das actividades que desenvolverá a Concellería de Xuventude terán a condición de prezos públicos, segundo o recollido na ordenanza nº 42, publicada no BOP do 29 de novembro de 2018, sobre a participación noutras actividades ou programas do Concello en contía variable segundo cada actividade, os cales figuran na Táboa II, sen que estes superen en ningún caso o custe unitario do programa ou servizo , segundo a seguinte táboa:

#### **TÁBOA II: CUSTE DOS CAMPAMENTOS**

ACTIVIDADE	Nº PRAZAS	PREZO ADXUDICACIÓN/LICITACIÓN	IMPORTE PRAZA
<b>ACAMPADA EN VIGOZOO ( lote 10)</b>	<b>156</b>	<b>40.051,24 €</b>	<b>256,73 €</b>
<b>ACAMPADA NAS ILLAS CÍES</b>	<b>120</b>	<b>32.280,00 €</b>	<b>269,00 €</b>
<b>VERÁN EN SAMIL ( lote 4)</b>	<b>200</b>	<b>18.568,00 €</b>	<b>92,84 €</b>
<b>VERÁN EN ALCABRE ( lote 5)</b>	<b>200</b>	<b>18.568,00 €</b>	<b>92,84 €</b>
<b>VERÁN EN INGLÉS ( lote 9 )</b>	<b>100</b>	<b>11.588,14 €</b>	<b>115,88 €</b>
<b>VERÁN EN NAVIA ( lote 6)</b>	<b>195</b>	<b>16.912,00 €</b>	<b>86,72 €</b>
<b>VERÁN EN VIGOSÓNICO ( lote 7)</b>	<b>195</b>	<b>17.590,00 €</b>	<b>90,20 €</b>
<b>VERÁN NO BERBÉS ( lote 8)</b>	<b>195</b>	<b>16.448,84 €</b>	<b>84,35 €</b>
<b>VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE</b>	<b>100</b>	<b>5.782,50 € *</b>	<b>57,82 €</b>





## Concello de Vigo

VERÁN en COIA	100	5.782,50 € *	57,82 €
VERÁN MARIÑEIRO ( lote 3)	200	23.126,45 €	115,63 €
VERÁN NÁUTICO na ETEA ( lote 2)	320	33.942,70 €	106,07 €
VERÁN NÁUTICO EN BOUZAS ( lote 1)	200	23.126,45 €	115,63 €
CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS	450	15.000,00 €	33,33 €

\* Prezo prorrateado dun mes do contrato anual de xestión do Servizo de Dinamización Infantil.

IV. Así mesmo é necesario establecer as bases reguladoras do programa para o outorgamento das prazas para participar nas distintas actividades:

### **BASES REGULADORAS DO PROGRAMA VERÁN XOVE 2019 E CONVOCATORIA DE PRAZAS**

#### **1. Obxecto, participantes, actividades e quendas**

**Obxecto:** desenvolvemento do Programa Verán Xove 2019 do Concello de Vigo que oferta 2.731 prazas distribuídas en distintos campamentos e actividades e quendas durante os meses de xuño, xullo e agosto.

**Participantes:** **poderán participar** rapaces e as rapazas nados/as entre os anos 2002 e 2015 e que figuren empadroados no Concello de Vigo.

Cada participante só poderá participar nun campamento, agás que na terceira adxudicación queden prazas dispoñibles.

Campamentos e quendas: os recollidos no Anexo. Listado de campamentos e quendas.

#### **2. Rexistro de solicitantes, solicitude telemática de participantes e primeira adxudicación de prazas.**

##### **a) Rexistro de solicitantes e solicitude telemática de participantes.**

**Prazo:** ata o 30 de maio.

**Solicitantes:** Serán solicitantes das actividades ofertadas nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo, o/a pai/nai/titor/titora. Cada solicitante pode incorporar na mesma solicitude un/unha ou máis fillos/as ou titorados/as.

**Rexistro de solicitantes.** As prazas para a participación no programa serán outorgadas por sorteo. Para poder realizar as solicitudes de prazas nos Campamentos urbanos do Concello de Vigo é preciso previamente darse de alta como solicitante, inscribir ás/ós menores e solicitar as actividades, na Área Privada da web [veran.xuventudevigo.org](http://veran.xuventudevigo.org). Unha vez realizada a alta, asignarase o número de solicitude que permitirá identificar á persoa

solicitante e que será empregado no momento do sorteo. Este número aparecerá na pantalla do terminal ao finalizar o proceso de rexistro, na súa área privada e, ademais, seralle remitido ao correo electrónico (no caso de telo aportado).

**Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos do proceso no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza. Cada solicitante só poderá inscribir aos seus fillos/as, titorados/as.**

**Solicitude telemática.** Na área privada da web, cada solicitante pode introducir os datos de un/unha ou máis participantes para os/as que se solicita praza, indicando as preferencias de actividades e quendas. Estes datos poderanse modificar ata o momento no que se peche o proceso de “Rexistro de solicitantes e solicitude telemática”, sendo válida unicamente a última modificación efectuada.

Anularanse as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como aquelas que no momento da formalización da inscrición da praza non concorde co reflectido na solicitude.

**Solicitude múltiple.** Unha mesma persoa poderá solicitar praza para máis de un/unha fillo/a ou titorado/a, coas mesmas ou distintas preferencias, sendo cada solicitude tratada unha a continuación da outra no proceso de adxudicación.

As institucións que realicen acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda administrativa asimiláranse como caso de solicitude múltiple.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das bases desta convocatoria.

**Actividades e quendas escollidas:** un máximo de 3, por orde de preferencia, das recollidas no anexo I.

**Seguimento da solicitude.** Deberase visualizar o estado da solicitude de cada participante na área privada. Os estados posibles son: “solicitude realizada” (agardando adxudicación de praza), “pendente formalización” (unha vez adxudicada pero sen pechar o proceso de formalización da praza); “praza formalizada” (unha vez adxudicada e formalizada a praza) ou “baixa” (por ter sido excluído, por renunciar, por non ter formalizado a praza ou por non ter atendido á corrección de erros).

De non ter posibilidade de acceder a Internet ou de necesitar axuda, tanto para realizar o rexistro como a solicitude, a Concellería de Xuventude disporá persoal de apoio e varios ordenadores a disposición dos/as interesados/as.

## **b) Primeira adxudicación de prazas.**

**Listado definitivo de solicitudes (4 de xuño).** Con antelación ao acto do sorteo publicarase no taboleiro da Casa da Xuventude o listado definitivo de solicitudes, indicando número de solicitude e preferencias escollidas. Deste listado quedarán excluídas as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como nas que se detecte que dúas persoas solicitantes inclúen ao mesmo rapaz ou rapaza en distintas solicitudes. O soporte dixital deste listado definitivo será o empregado no proceso de adxudicación.

**Método de adxudicación de prazas:** por sorteo entre todos os números de solicitude admitidos.

**Acto do sorteo:** será presencial e terá lugar na Casa da Xuventude, o 4 de xuño ás 12:00 h sendo a sesión pública ata encher o aforo da sala empregada. Neste sorteo determinarase unicamente o primeiro número de inicio do proceso. Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do mesmo.



## Concello de Vigo

**Proceso de adxudicación:** unha vez rematado o acto de sorteo, a Concellería de Xuventude iniciará a porta pechada a adxudicación de participantes a actividades e quendas. A partir do número de solicitude resultante do sorteo, seguindo a orde do “Listado definitivo de solicitudes” ata o final do mesmo, e proseguindo dende o primeiro número do listado ata chegar ao número de solicitude previo ao sorteado, procederase do seguinte xeito para cada caso:

- a) **Primeira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicáraselle; de non habela, pasarase á segunda opción.
- b) **Segunda opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicáraselle; de non habela, pasarase á terceira e última opción.
- c) **Terceira opción:** comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicáraselle; no caso de non habela, o/a participante queda sen praza neste primeiro proceso de adxudicación, optando automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación.

Nos casos de solicitude múltiple, aplicaráselle o procedemento descrito a cada unha das persoas participantes asociados á mesma. Ao concluír o proceso quedarán adxudicadas as prazas dos campamentos dando lugar ao **Primeiro listado de adxudicación de prazas por campamentos**,

**Lista de agarda.** As solicitudes non atendidas pasarán a formar parte dun listado de solicitudes pendentes de adxudicación ou lista de agarda. O citado listado conterá os mesmos campos que o listado definitivo de solicitudes, e será o empregado para o proceso da segunda adxudicación de prazas.

**Publicación (5 de xuño).** publicaranse na área privada da web <https://veran.xuventudevigo.org> o Primeiro listado de adxudicación de prazas por campamentos, así como o Primeiro listado provisional de prazas vacantes por campamentos e a Lista de agarda. Na área privada web o estado da persoa participante será “pendente formalización” no caso de adxudicación, e “solicitude realizada” no caso de quedar na lista de agarda.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases desta convocatoria.

### 3. Formalización da inscrición, adxudicación definitiva, corrección de erros na documentación e exclusión de solicitudes.

#### a) Formalización da inscrición na praza para solicitudes admitidas.

**Prazo:** do 5 ao 11 de xuño.

#### Modalidades:

- a) Telematicamente: cargando os arquivos a través da área privada da web. A poder ser, incorporar toda a documentación nun único arquivo.
- b) Presencialmente: na Casa da Xuventude (López Mora, 31), en horario de 9:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 de luns a venres.

Non se admitirá documentación por correo electrónico.

#### Documentación a presentar:

- Fotocopia do libro de familia, no caso de non ter DNI o/a menor.

- Xustificante de pagamento do prezo recollido no anexo (se a actividade así o require). Na área privada estará dispoñible o acceso ao pago con tarxeta ou o documento a cubrir para tramitar na entidade bancaria.

#### **b) Adxudicación definitiva e corrección de erros na documentación.**

Prazo adxudicación definitiva (12 de xuño ).

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante para que repare os erros advertidos de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para que no prazo de 10 días (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e informaráselle de que, no caso de non facelo, entenderase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

Unha vez entregada e comprobada toda a documentación, coa correspondente corrección de erros se fose o caso, a praza quedará asignada definitivamente.

Na área privada da web o estado da persoa participante pasará a ser “praza formalizada”.

#### **c) Exclusión de solicitudes.**

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitiva de prazas:

- Renunciar á praza adxudicada a través da área privada da web.
- Non ter realizado o correspondente pagamento, se a actividade así o require. Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave e debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente...)
- Non entregar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.
- Falsear datos no formulario de rexistro.

Na área privada da web o estado da persoa participante pasará a ser “baixa”.

### **4. Segunda adxudicación, formalización da inscrición para prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes.**

#### **a) Segunda adxudicación de prazas.**

**Primeiro listado definitivo de vacantes por campamentos** (13 de xuño ). A partir do Primeiro listado provisional de prazas vacantes por campamentos, e unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, elaborárase o Primeiro listado definitivo de prazas vacantes por campamentos, incluíndo as prazas procedentes da exclusión de solicitudes. Publicarase o mesmo na web.

**Método de adxudicación de prazas:** adxudicación directa entre as persoas participantes recollidas na lista de agarda seguindo o mesmo método da primeira adxudicación.

#### **b) Formalización da inscrición de prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes**

**Prazo:**13-17 de xuño.

**Lugar e documentación a presentar:** igual que para a primeira adxudicación



## Concello de Vigo

**Corrección de erros (18 de xuño, ):** seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante.

**Exclusión de solicitudes:** seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

### 5. Terceira adxudicación, formalización da inscrición para últimas prazas vacantes e adxudicación definitiva.

#### a) Terceira adxudicación de prazas.

##### Segundo listado definitivo de vacantes por campamentos (19 de xuño ).

Unha vez completado o proceso da segunda adxudicación, elaborárase o Segundo listado definitivo de prazas vacantes por campamentos, incluíndo as prazas vacantes e as procedentes da exclusión de solicitudes na segunda adxudicación. Publicarase na web.

**Terceira adxudicación. ( 20 de xuño )** Realizarase de forma presencial na Casa da Xuventude (López Mora, 31), en horario de 9:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00. O procedemento consistirá na adxudicación directa ata cubrir as prazas dispoñibles para persoas inscritas e sen praza en ningún campamento. Entregaranse números por orde de chegada a partires das 8:00 h.

A partires do 21 de xuño ,se quedan prazas vacantes, poranse a disposición das persoas que demanden un segundo campamento .

O número de prazas anunciarase na web.

#### b) Formalización da inscrición en prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

**Prazo:** dous días a partir do momento de adxudicación

**Documentación a presentar na Casa da Xuventude:** igual que para a primeira adxudicación.

**Adxudicación definitiva:** unha vez entregada correctamente a documentación considerarase a adxudicación como definitiva.

**Exclusión de solicitudes:** seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

### 6. Devolución da cota de inscrición.

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a/o menor non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documentalmente e polos seguintes motivos :

- Enfermidade, accidente ou outros ( deberá achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros ( deberá achegar xustificación do motivo).

No caso de non prestación do servizo por causas non imputadas á persoa interesada ou anulación da actividade pola administración a solicitude de devolución da cota presentarase unha vez comunicadas as causas de non prestación do servizo e no prazo de 20 días naturais dende a comunicación e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

## 7. Obrigas para participar nos campamentos.

As persoas participantes nos campamentos están obrigadas a:

- Incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos.
- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade.
- A identificarse para a recollida das/os menores á finalización diaria do campamento. Sempre será requirida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran como autorizados/as na solicitude.
- A respectar as normas establecidas polos equipos de monitorado de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolva.
- A non transferir a praza asignada.

## 8. Interpretación das bases

Todas as cuestións que podan derivarse da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Xuventude.

## 9. Protección de datos

As persoas solicitantes autorizan expresamente ao Servizo de Xuventude a inclusión e publicidade nos rexistros municipais dos datos básicos relevantes referidos ás prazas concedidas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas, a Concellería de Xuventude publicará na súa páxina web oficial a relación dos/as adxudicatarios/as, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/as adxudicatarios/as e da súa publicación na citada páxina web.

A reserva que o/a solicitante faga no sentido de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos mesmos nos rexistros, que en todo caso terá que expresarse por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a praza ou, no seu caso, á revogación do acto de concesión. Non en tanto, e de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, respectarase o carácter confidencial da información dos/as beneficiarios/as á que se teña acceso como consecuencia da concesión das prazas, non podendo utilizala con finalidade distinta á establecida nas bases reguladoras desta convocatoria.

## ANEXO LISTADO DE CAMPAMENTOS E QUENDAS

### **ACAMPADA en VIGOZOO: 3 quendas de 5 días/52 participantes**

Actividades: Deportivas: Baloncesto, tiro con arco, bádminton, bolos, escalada en boulder.

Xogo nocturno na Madroa.

Excursión ao Parque Forestal Vixiador.

Xogos de auga.

Obradoiros medioambientais.

Visita guiada polo Zoo

Rastrexo nocturno polo Zoo.

Obradoiros artísticos.



## Concello de Vigo

Festa de despedida.

Horario: dende as 10:00 do luns ata as 18:00 do venres. O primeiro día haberá servizo de acollida de 8:00 a 10:00h.

**Aloxamento:** no albergue VigoZoo

**Ano nacemento:**2007-2011

Quendas	Datas	Prezo
1ª	24/06-28/06	110,00 €
2ª	01/07-05/07	110,00 €
3ª	08/07-12/07	110,00 €

### **ACAMPADA nas ILLAS CÍES: 4 quendas /30 participantes**

Actividades:Xogos cooperativos e de distensión, cancións e danzas, xincanas.

Visita a distintas praias (Rodas e Nosa Señora) para levar a cabo xogos e actividades.

Excursión ao Faro do Peito e praia da Cantareira. Pódense observar especies botánicas de grande interese. Espectacular vista dende o Faro da illa de Ons e o Morrazo.

Itinerarios interpretativos Observación da flora e fauna. Actividades na baixamar. Observación de aves.

Educación Ambiental .-O impacto do ser humano nas illas. Recollida de lixo. Obradoiros.

O Ceo nas Cíes.- Actividade de observación de estrelas.

**Aloxamento:** Tendas de campaña compartidas no Cámping Illas Cíes.

**Ano nacemento:** 2007-2011

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-05/07	110,00 €
2ª	08/07-12/07	110,00 €
3ª	15/07-19/07	110,00 €
4ª	29/07-02/08	110,00 €

### **VERÁN EN SAMIL: 4 quendas/50 participantes**

Actividades: Patinamos, Coñecemos a capoeira e o hip hop.

Olimpiadas deportivas, Xincana xogos tradicionais

Baño e xogos de auga e area

Escultura e murais, obradoiros

Excursión

Ano nacemento: 2007-2015

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Lugar: Complexo Deportivo de Samil

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª	29/07-09/08	45,00 €
4ª	19/08-30/08	45,00 €

### **VERÁN EN ALCABRE:4 quendas/50 participantes**

Actividades: Xogos de presentación, día da escultura de area, xogos de auga.

Deportes: korfbal e Kin-ball

Xincanas

Baile e música.

Obradoiros

Excursión

Ano nacemento: 2007-2015

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo de friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h

Lugar: AAVV, A Nosa Terra de Alcabre

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª	29/07-09/08	45,00 €
4ª	19/08-30/08	45,00 €

### **VERÁN EN INGLÉS: 2 quendas/50 participantes**

Actividades: Xogos narrativos de improvisación e dinámicas de grupo teatrais

Deportes: rugby, baseball, bádminton.

Baile, manualidades.

Inglés nas redes sociais.

Aula matinal de reforzo escolar de inglés.

Visita guiada en Inglés á Casa das Palabras.

Excursión á Praia do Vao.

Excursión sendeirismo a un parque urbano

Excursión ruta dos murais de Vigo

Ano nacemento: 2007-2011

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Casa da Xuventude

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/08-14/08	45,00 €
2ª	19/08-30/08	45,00 €

### **VERÁN EN NAVIA: 3 quendas/65 participantes**

Actividades: Obradoiros de horta urbana, de comida sudable, Obradoiro 3Rs (Reducir-Reutilizar-Reciclar)

Obradoiro Aves, Obradoiro Anfibios, Obradoiro Insectos e microfauna





## Concello de Vigo

Visita guiada ao humidal da Bouza

Visita guiada a Vigozoo

Ano nacemento: 2007-2015

Horario: 7:45:ha 15:15 h.de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª 29	29/07-09/08	45,00 €

### **VERÁN EN VIGOSÓNICO: 3 quendas/65participantes**

Actividades: obradoiros de : Pintura, Fotografía, Percusión , Circo, Escultura, Ilustración, Xollería ,Arte urbano, Caracterización

Xogos musicais,Espectáculos, Minishow, Minidisco, Excursión

Ano nacemento: 2007-1015

Horario: 7:45h. a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: VigoSónico

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª 29	29/07-09/08	45,00 €

### **VERÁN NO BERBÉS: 3 quendas/65participantes**

Actividades: boleibol, fútbol, baseball, brilé, balonmán, bádminton, fútbol gaélico, loga.....

Autoolimpiadas

Sendeirismo polo Galiñeiro- Parques urbanos.

Praia

Ano nacemento: 2007-1015

Horario: 7:45h. a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Pavillón do Berbés

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª 29	29/07-09/08	45,00 €

### **VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE: 2 quendas /50 participantes**

Actividades: obradoiros, xogos predeportivos, xogos de auga, grandes xogos, festas temáticas, saídas...

Ano nacemento: 2007-2015

Horario: 7:45:h a 15:00h a venres. Aula matinal de 8 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h.

Lugar: Casa da Xuventude

Quendas	Datas	Prezo
1ª	Do 01 ao 15 de xullo	Gratuíto*
2ª	Do 16 ao 31 de xullo ( agás o 25)	Gratuíto*

\* Gratuíto agás saídas e excursións

### **VERÁN en COIA: 2 quendas/50 participantes**

Actividades: obradoiros, xogos pre-deportivos, xogos de pistas, grandes xogos, xincanas, festas temáticas, saídas á praia...

Ano nacemento: 2007-2015

Horario: : 7:45:h a 15:00h a venres. Aula matinal de 8 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Pavillón de Coia

Quendas	Datas	Prezo
1ª	Do 01 ao 15 de xullo	Gratuíto*
2ª	Do 16 ao 31 de xullo (agás o 25)	Gratuíto*

\* Gratuíto agás saídas e excursións

### **VERÁN MARIÑEIRO: 4 quendas/50 participantes**

Actividades: Actividades de navegación en piragua e en embarcacións tradicionais,coñecemento do patrimonio cultural marítimo, coñecemento da beiramar e dos recursos que ofrece,xogos

Ano nacemento: 2007-2013

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Pavillón e praia de Bouzas

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª	29/07-09/08	45,00 €
4ª	19/08-30/08	45,00 €

### **VERÁN NÁUTICO na ETEA: : 4 quendas/80 participantes**



## Concello de Vigo

Actividades: náuticas ( kaiak, windsurf, vela lixeira, deportes de arrastre...) e terrestres (grandes xogos, saídas culturais, obradoiros...).

Ano nacemento: 2002-2011

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: pavillón e praia da ETEA

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª	29/07-09/08	45,00 €
4ª	19/08-30/08	45,00 €

### **VERÁN NÁUTICO en BOUZAS:: 4 quendas/50 participantes**

Actividades: náuticas ( kaiak, windsurf, vela lixeira, deportes de arrastre...) e terrestres (grandes xogos, obradoiros...).

Ano nacemento: 2002--2011

Horario: 7:45 a 15:15 h. de luns a venres. Aula matinal de 8:00h a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00h a 15:00h

Lugar: Pavillón e praia de Bouzas

Quendas	Datas	Prezo
1ª	01/07-12/07	45,00 €
2ª	15/07-24/07	38,00 €
3ª	29/07-09/08	45,00 €
4ª	19/08-30/08	45,00 €

### **CAMPAMENTO URBANO NAS TRAVESAS 450 participantes**

Actividades: A temática xirará sobre unha versión particular da Caixa de Pandora na que descubrir elementos cos que construír, na nosa cidade, un mundo mellor: obradoiros, xogos, deportes, música, teatro, saídas e moitas outras sorpresas.

Ano nacemento: 2005-2011

Horario: 8:00 a 15:00 de luns a venres. Agás días excursión de todo o día. Aula matinal de 8:00 a 9:00h. Servizo friameira (levar comida da casa) de 14:00 a 15:00h.

Lugar: Pavillón Central das Travesas

Quenda	Datas	Prezo
1ª	Do 1 ao 12 de agosto	Gratuito

Por todo elo, e en base ao anteriormente exposto, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

Primeiro.-" Aprobar o Programa Verán Xove 2019 da Concellería de Xuventude consistente en 2.731 prazas para idades comprendidas entre os 4 e 17 anos que se distribúen nos campamentos e quendas que se recollen na táboa I.

Segundo.- Aprobar o prezo que debe achegar cada participante de conformidade co recollido na táboa II.

Terceiro.- Aprobar as **bases reguladoras do programa verán xove 2019 e a convocatoria de prazas**".

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Nuria Rodríguez Rodríguez.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez